

Don Antonio Torrón Casal, Secretario suplente da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

C E R T I F I C A:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 22 de agosto de 2024, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto:

Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración dunha solución EDR (Endpoint detection response) para a Deputación de Pontevedra

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2024006474 de data 05/08/2024 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da Subministración dunha solución EDR (Endpoint detection response) para a Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 6/08/2024.

Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación comproba que non se presentou ningunha oferta a este procedemento polo que a Mesa de contratación acorda propor ao órgano de contratación que se declare deserto o procedemento convocado para a contratación mediante procedemento aberto simplificado da subministración dunha solución EDR (Endpoint detection response) para a Deputación de Pontevedra

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

